



PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO SEN MEDIDAS TRAS A APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DE 2024

Vixencia do PEF : 2025/2026

Resolución da Liquidación de data : 03/04/2025

Resultado : Incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Xustificación : Utilización do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais e oper. Préstamo obra emerxencia-convenio Concello de Ares-Augas de Galicia.

Órgano competente : Pleno da Corporación.

Por resolución da alcaldía de data 03/04/2025 número 2025/0299, foi aprobada a Liquidación do Orzamento do ano 2024 co seguinte resultado :

- Cumprimento obxectivo da regra de gasto : Non.
Importe : -178.357,91
% incremento gasto computable 24/23 : 4,98
- Cumprimento obxectivo estabilidade orzamentaria : Non.
Capac/Nec. Financ : -1.108.827,99

De acordo co previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, procede a aprobación dun Plan Económico Financeiro que conterá como mínimo a seguinte información :

- a) Causas do incumprimento da regra de gasto.
- b) Causas do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- c) Previsións tendenciais de gastos e ingresos baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- d) Descrición, cuantificación e calendario de aplicación das medidas de que parte o plan, en consonancia co informe que acompaña á fixación dos obxectivos de estabilidade e débeda pública.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios alternativos.

Á vista dos antecedentes fórmase a proposta de Plan Económico Financeiro SEN MEDIDAS que equilibra a situación coxuntural xerada no ano 2024.

I.- Causa do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto : Gasto financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais e Operación préstamo actuación de emerxencia cofinanciada Concello de Ares- Augas de Galicia.

O Concello de Ares utilizou durante o exercicio 2024 Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX) resultante da súa liquidación orzamentaria de 2023 para financiar modificacións orzamentarias que supuxeron o recoñecemento de obrigas nos capítulos 1 a 7 dos seus orzamentos de gastos. Esta utilización do RLTGX ten as seguintes consecuencias :



- En relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, minora o superávit orzamentario, xa que non se compensa co recoñecemento de dereitos nos capítulos 1 a 7 de ingresos.
- En relación ao cumprimento da regra de gasto, aumenta o gasto computable, xa que esas obrigas recoñecidas deben terse en conta como tal a efectos do cálculo do cumprimento do límite de gasto non financeiro.

A magnitude do RLTX, así como a súa utilización como fonte de financiamento para modificacións orzamentarias, están reguladas e permitidas especificamente na normativa reguladora das facendas locais.

Precisamente por tratarse dunha magnitude que unicamente existe no ámbito local, as especialidades do seu tratamento orzamentario e contable non están recollidas no desenvolvemento da normativa reguladora da estabilidade orzamentaria, na que os cálculos se levan a cabo en termos de contabilidade nacional.

En calquera caso, a utilización do RLTX xerado nun exercicio para o financiamento de gastos no seguinte exercicio non pode ser considerada como unha característica estrutural, senón unha situación coxuntural na que, existindo ese aforro xerado no exercicio que se pecha, se utiliza ese recurso. Pero non é obrigatorio, nin ten por que suceder todos os anos, e, sobre todo, non se producirá sempre na mesma contía.

Concretamente no ano 2024, e segundo se detalla no expediente de modificación de créditos núm. 2024/3, modalidade suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería, as obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 financiadas co Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais ascenderon a 895.494,82 €.

Deste modo, no caso de que non se tivese utilizado o RLTX como fonte de financiación de modificacións orzamentarias que derivaron no posterior recoñecemento de obrigas nso capítulos de gasto non financeiro :

- Respecto á estabilidade orzamentaria, en lugar de producirse unha situación de necesidade de financiamento por importe de -1.108.827,99 €, teríase producido unha necesidade de financiamento por importe de -213.333,17 €.
- A súa vez respecto da regra de gasto, a mesma houbese dado unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable líquid. 2024 por importe de +717.136,91 €.

A maiores este Concello consecuencia da declaración inmediata de execución de actuacións extraordinarias para garantir o saneamento no Concello de Ares que deron lugar á declaración da actuación de emerxencia de dita actuación, formalizándose un convenio con Augas de Galicia para asumir as obrigas económicas derivadas de dita actuación mediante o cal dos 1.150.000,00 € de custo total, Augas de Galicia financiaba o 80% : 920.000,00. €. e o concello de Ares o 20% : 230.000,00 €.

Resultado do mesmo foi a financiación da aportación municipal mediante operación de préstamo formalizada coa entidade BBVA (póliza número 0182-6053-0083-00000000000069) por importe de 410.000,00 €, dos cales 230.000,00 €. foron destinados á actuación de emerxencia.

Respecto ás inversións financiadas con préstamo o efecto na estabilidade orzamentaria e na regra de gasto, a financiación do capítulo 6 mediante unha operación de crédito incrementará os gastos non financeiros polas obrigas que



se recoñezan, financiándose mediante ingresos financeiros (cap. 9 estado ingresos).

Elo perxudicará o cumprimento de estabilidade orzamentaria dado que supoñerá que os maiores gastos non financeiros non teñen a súa contrapartida en ingresos non financeiros. A estabilidade orzamentaria (capacidade de financiación en termos SEC) calcúlase pola diferenza entre os ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 do estado de ingresos) e os gastos non financeiros (capítulos 1 a 7 do estado de gastos).

Respecto á regra de gasto, tamén o incremento dos gastos non financeiros do exercicio actual, respecto do exercicio anterior, perxudicará o cumprimento do obxectivo da regra de gasto.

Así coa operación de préstamo a maiores do RLTXG pola actuación de emerxencia :

- Respecto á estabilidade orzamentaria, en lugar de producirse unha situación de necesidade de financiamento por importe de -1.108.827,99 €, teríase producido unha necesidade de financiamento por importe de +16.666,83 €.
- A súa vez respecto da regra de gasto, a mesma houbera dado unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable liquid. 2024 por importe de +733.803,74 €.

Queda acreditado que o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, ten causa na utilización do RLTXG e Operación de préstamo actuación de emerxencia para financiar obrigas recoñecidas en 2024, xa que de non acontecer, a Entidade tería cumprido con ditos parámetros.

II. Previsións tendenciais de gastos e ingresos

II.A.- Previsións de regra de gasto

II.A.1. Regra de gasto ano 2025

Debe partirse de que, unha vez coñecido o gasto computable axustado que se realizou efectivamente en 2024, 7.852.033,10 €, pode calcularse cal é o límite de gasto para o exercicio 2025, aplicando a taxa de variación do 3,2% resultante do Acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo de 2024 que aprobou os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o período 2025-2027, de modo que o límite de gasto para 2025 será de 7.919.232,79 €.

Á vista da porcentaxe media de de execución orzamentaria dos últimos tres exercicios (99,5%) e tendo en conta a previsión de gastos dos capítulos 1 a 7 do Orzamento Xeral do Concello para 2025, prevése que as obrigas recoñecidas netas de gasto non financiero computable a efectos de regra de gasto a 31 de decembro de 2025 estean por debaixo dese límite de gasto, cumprindo a regra de gasto (7.919.232,79) e máis aínda tendo en conta que dese montante total de obrigas deberán descontarse aquelas que estean financiadas con fondos finalistas procedentes de administración públicas, e que se estiman prudentemente en 150.000,00 polo que o gasto computable previsto ascendería a 7.769.232,79 €. Deste modo, quedaríase un pequeno marxe para a utilización do RLTXG resultante da liquidación do exercicio 2024 para financiar modificacións orzamentarias en 2025, e non volver a incurrir en incumprimento da regra de gasto en 2025.

Base computable	Taxa referencia	Límite regra gasto 2025	Gasto computable	Cumprimento/ incumprimento regra
-----------------	-----------------	-------------------------	------------------	----------------------------------



2024	2025		liquidación 2025	gasto
7.673.675,19 €.	3,2%	7.919.232,79 €.	7.769.232,79 €.	150.000,00 €.

II.A.2. Regra de gasto ano 2026

O Límite de gasto para o exercicio 2026 calcúlase aplicando ao gasto previsto para 2025 (7.769.232,79 €.) a taxa de variación do 3,3% resultante do Acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo de 2024, e será de 8.025.617,47 €.

A previsión de obrigas recoñecidas netas para 2026 establécese igualmente para esgotar o límite de gasto resultante para ese ano, contando coa posibilidade de utilizar o posible Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais que resulte da liquidación do exercicio 2025.

Base computable 2025	Taxa referencia 2025	Límite regra gasto 2026	Gasto computable liquidación 2026	Cumprimento/ incumprimento regra gasto
7.769.232,79 €.	3,3%	8.025.617,47 €.	7.919.232,79 €.	106.384,68 €.

II.B.- Previsión de estabilidade orzamentaria

II.B.1.- Estabilidade orzamentaria ano 2025

A previsión de dereitos recoñecidos netos a 31/12/2025 efectúase aplicando criterios de prudencia cos dereitos recoñecidos netos en ingresos non financeiros en 2024, en 9.426.831,91 €.

Tendo en conta a estimación de obrigas recoñecidas netas de gasto computable do apartado anterior a 31/12/2025, pero incluíndo no mesmo as obrigas financiadas con fondos finalistas, que sí computan a efectos de estabilidade orzamentaria, prevese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria que non permitiría un uso do RLTX de 2024 para financiar modificacións orzamentarias durante 2025 :

Ingresos non financeiros previstos 2025	Gastos non financeiros previstos 2025	Axustes propia entidade	Axustes por operación internas	Capacidade/ necesidade financiamento prevista 2025
9.615.368,54 €.	9.450.000,00 €.	0,00	0,00	165.368,54 €.

II.B.2.- Estabilidade orzamentaria ano 2026.

Cunha previsión de recoñecemento de dereitos prudente que se mantén cun incremento do 2,5%, e incrementando a previsión de recoñecemento de obrigas, cun 3,3% e incluíndo tamén as obrigas financiadas con fondos finalistas, prevese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria deixando

Ingresos non financeiros	Gastos non financeiros	Axustes propia entidade	Axustes por operación internas	Capacidade/ necesidade financiamento
9.855.752,75 €.	9.761.850,00 €.	0,00	0,00	93.902,75 €.

III. Medidas.

Á vista de todo o exposto, debe concluírse que o Concello de Ares debe presentar e aprobar un Plan Económico Financeiro de cumprimento formal sen medidas.



A recuperación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e o cumprimento da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesourería e operación de préstamo por actuación declarada de emerxencia, lograríase coa simple aprobación dos orzamentos dos dous exercicios fiscais afectados polo Plan en situación de equilibrio orzamentario, e contemplando un gasto dentro do límite de variación de gasto computable, sen necesidade de ningunha medida estrutural dada a natureza do remanente de tesourería e das operación de préstamo da administración local.

Dentro dese marco dos orzamentos aprobados, deberá vixiarse a execución dos mesmos, especialmente nas liquidacións orzamentarias que se leven a cabo utilizando para o seu financiamento Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

O Alcalde,

Asdo. Julio I. Iglesias Redondo.

